# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP JOSÉ MARÍA LAGE
CURSO: 2º PRIMARIA
MATERIA: ED. MUSICAL
DEPARTAMENTO:
DATA: 4 MAYO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| 1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B1-2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. | B1-2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade trala escoita de obras musicais, sendo quen de emitir unha valoración destas.<br><br>CSC CEC |
| B2-2. Interpretar só ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas dos demais como a persoa que asume a dirección. | B2-2.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos con e sen acompañamento.<br><br>CMCT CL |
| B3-1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza valorando a súa contribución ao patrimonio e gozando da súa interpretación como unha forma de interacción social. | B3-1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.<br><br>CSC CL |

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos:<br><br>Análise e valoración das tarefas propostas que sexan enviadas polas familias</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br><br>Documentos gráficos ou textuais.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br><br>Tendo en conta as instrucións (27 abril) da Consellería de Educación en relación ao desenvolvemento do terceiro trimestre e tendo en conta que a avaliación é continua, a cualificación da terceira avaliación determinarase segundo o procedemento seguinte:<br>• Por defecto conservarase a nota da 2ª avaliación.<br>• No caso dos alumnos e alumnas que acheguen materiais polos medios establecidos e, despois da súa valoración, terase en conta só no caso que así se considere para beneficiar ao alumno/a.</td></tr>
</table>

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Actividades interactivas ( enlaces a páxinas web)<br>Vídeos de repaso para bailar e cantar<br>Fichas de repaso e reforzo<br>Libro de texto |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todas as propostas e indicacións de traballo están a disposición do alumnado e as súas familias na páxina web do centro, tanto na páxina principal, como no apartado de especialidades Ed. Musical distribuidos por semanas e por niveis.<br><br>Tamén nos grupos que utilizan aula virtual consensuouse co profesorado titor para que suban asimesmo un enlace das actividades de ed. musical á propia AV<br><br>Según informe recibido da dirección do centro non hai alumnos sen conectividade<br><br>Os alumnos envían vía e-mail ao correo electrónico da mestra de música o traballo realizado. |
| **Materiais e recursos** | Enlaces a páxinas interactivas na rede<br>Enlaces a vídeos na rede<br>Fichas de traballo individual<br>Libro do alumno |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Toda a información referida a actividades, novas e modificacións poderase atopar na páxina web do centro.<br>Nalgúns casos, pola natureza da comunicación, tamén se considera a posibilidade de establecer comunicación directa coa familia do alumno/a a través do correo electrónico utilizado na comunicación ordinaria.<br>O equipo directivo será o encargado de facer chegar aos membros que considere da comunidade educativa as modificacións á programación segundo as ferramentas das que dispoña. |
| **Publicidade** | O equipo directivo publicará estas modificacións á programación na páxina web do centro. |